

A TEIMOSÍA DO AVÓ

Unha nunca sabe a que se enfrenta cando trata de discutir cun Forxadre. E menos se te criaches na gran cidade, onde todo se move a golpe de talonario, sen verbas que poidan paralizar un só segundo o ritmo de traballo. Ben, case, porque para iso estaba o meu avó, no medio das Ramblas, coa boina e o cachabo de bidueira ribeirá, disposto a esclarecerlle as ideas a calquera que se lle acercase de modo –como el soía dicir– “pouco humano”. A soildade das rúas sen os latexos do seu caiado sobre os adoquíns fai que todo cobre outro valor, o valor do menosprezo hacia esa urbe que Gaudí concibiu en soños e que agora, dende a distancia, se me antolla lonxana e estéril de amor.

Cando a avoa Francisca pasou a mellor vida, decidín facerme cargo do avó e traelo para Barcelona, coa idea de coidar un pouco máis desa saúde de ferro que dun tempo a esta parte parecía estar cambiando. Nin sequera, para o meu asombro, preguntou se algunha vez volveríamos ó seu querido Páramo. Mirou pola fiestra ó cemiterio parroquial e limitouse a sentenciar petrucialmente: “Aquí xa non me queda nada, mañá marchamos”. Fómonos deixando a casa coma os fuxidos, no silencio dun amencer que nunca foi tal.

E nunca un problema tivera na casa con el ata este ano. Dixo que era Nadal, tiempo de borrachera, e que había que voltar ó Páramo, despois de dez anos, para celebrar as festas, ademais de, por suposto ir ver o Belén de Begonte. “Hala!, xa nos empezou a demencia senil”, pensei de pri-

meiras, e tentei facelo entrar en razón porque tiña que traballar e xa os plans, as cenas e as visitas todas organizadas. Mais como xa dixen , un non sabe ó que se enfrenta cando negocia cun Forxadre, por tradición tratantes de bestas, e, dada a miña pouca experiencia, non só acabei aceptando ir señón que marchamos ó día seguinte de ter a conversa.

Agora que os recordos queren fuxirme é cando más preciso prendelos neste escrito. Lembro que o avó quixo parar en Lugo nunha librería antes de tirar ata a casa e, sacando cinco mil pesos dun calcetín ante a atónita mirada da libreira, pregouelle nun finísimo galego que, por favor, lle dera canto libro tivese sobre a etnografía de Galicia. Despois de cargalos ó lombo no cachabo e xa fóra do establecemento díxome: “Escoita ben, nena, que só cho hei dicir unha vez, quero que leas todos estes libros e que aprendas ata a última palabra. Neles está o legado do pobo, a memoria e o saber que me propuxen ensinarche un día e que, xa que se acerca a miña morte, nunca che poderei legar. Cando creas que estás preparada para o exame volverás ó Belén de Begonte, e xa me encargarei eu de examinarte”. “Este home perdeu a chaveta. Definitivamente”, cavilei unha vez máis, sen saber canta razón tiña, á fin de contas, o avó Roxelio. E non o podía saber, sinxela-

mente, porque ainda non estivera no famoso belén en cuestión.

Meu Deus, o día da visita crin que xa o tiña que encerrar nun sanatorio. Nada máis entrar, prendeume pola man e foime levando polo medio das outras persoas case a rastro, explicándome ata a derradeira das tarefas tradicionais, repetindo a cada momento, “recórdao ou deshérdote”. Polo menos sei que, xa que ese foi o seu último día denantes de marchar coa avoa Francisca, el sentiu que conseguira cumplir a promesa que se propuxera.

E xa vedes as voltas que dá a vida, que hoxe vivo na casa do avó, lin os libros que me mercou e estudieinos e, ano tras ano, vou a Begonte a examinarme do que me ensinou, e a examinar-me, por que non, en certo modo do estado do meu corazón. Porque en cada figura está a súa voz falándome con agarimo do noso pasado, dos teares de Sesmonde, da cocedura do liño... En cada figura está o avó afiando a gadaña, serrando a madeira cunha serra portuguesa e ceando coa culler de madeira que levaba a tódolos lados metida no peto do pantalón. E é verdade, avó, o caldo só sabe ben cunha culler de pao e a mellor maneira de loitar contra o esquecemento é enxertar o pasado no presente.